

ARTE

A través das olladas no CGAC

Un conxunto de 19 artistas unen as súas fotografías e vídeos de reflexión sobre a mirada. O seu traballo constata que a pintura segue estando viva e é a base

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Planta soto do compostelán Centro Galego de Arte Contemporánea aglutina, baixo o denominador común da ollada, a obra alusiva a este tema -integrada por fotografías e vídeos na súa maioría- e seleccionada de entre unha nómina de 19 artistas nacionais e internacionais. Os seus traballos rescatáronse, tanto de coleccións diversas como dos fondos do Centro Galego de Arte Contemporánea polo comisario da mostra Miguel Fernández Cid, director do centro.

A selección de vídeos e obras fotográficas poñen de manifesto, unha vez máis, os agoreiros vociferados do final da pintura como esta reborda de saúde e é base firme na que se apoian moitas propostas aquí presentes.

Elena do Rivero é unha das que recolle aquelas tramas do cadro dentro do cadro, xeradoras de sucesivos escenarios despregados uns sobre outros, a definición flamenga do cal tanto éxito colleitou no Barroco. As fotos de adolescentes de Sarah Jons dispostas arredor a unha mesa de comedor remiten á idea de bodegón tan manida en pintura; as súas olladas e acenos delatan a carga de insatisfacción e desacougo xerada polo aburguesamento social.

O peso literario déixase sentir en varios traballos, como na imaxe da moza mirándose ó espello de Duane Michals; é case unha tradución plástica do 'retrato oval' de Poe. A figura consecutiva en varias tomas, narradora dunha historia a través de sucesivas secuencias ás que se incorpora un texto escrito, vai encamiñando a ollada do observador para esa mesma dúbida que embarga á moza, incapaz de discernir entre o puramente aparente do real. Todo queda á fin nun xogo de reflexos. A mesma estrañeza reflicten as



Póster de Pierre Huyghe que recorre ás regras da pintura do cadro dentro do cadro

fotografías de Eulalia Valldeira, na que a presenza esvaída dun torso tendido no sofá (creado mediante unha sutil combinación de luces e sombras) faina aparecer como algo pantasmal. Á vez, explora a ambigüidade na percepción e a actividade do inconsciente. O espectador preguntase se a imaxe que se proxecta é a propia identidade ou un simple soño.

Imaxes matizadas

A maxia da imaxe matizada sucede igualmente a Vari Caramés. O pracer físico experimentado por un corpo ó contactar cunha paisaxe acuosa fusiona a ambos os dous nunha simbiose propia a aflorar sentimentos persoais. O que mira síntese participe da confortabilidade e serenidade emanada do elemento auga, como no caso da rapaza que medita ante un lago, proposta por Eija-Liisa Ahtila.

Outros, como Thomas Ruff, rexeitan a maxia ou a posible

transcendencia que pode remitir o medio fotográfico. Os seus pequenos retratos de xente nova, corrente e normal son fiel reflexo da sociedade dos nosos días. Estas fotos rexeitan calquera tipo de sentimentalismo pero a través delas fórmanse comparacións e identificacións coa experiencia persoal do que ve as imaxes.

As urbes

Un ollo ó axexo, icona de vixilancia, observa o percorrido particular do camiño de Santiago por Bárbara Ueber, beixando os máis variados obxectos que se lle aparecen ó ir queimando etapas. O tempo escóitase en ladaña un cúmulo de confesións. Outros atópanse máis cómodos na urbe. O movemento xerado polos personaxes de Pierre Huyghe ó percorrer rúas, dá lugar a un xogo de cruces tanto publicitarios, como de direccións e olladas contrapostas, só ó alcance do espectador.

O espectador que observa non pode evitar sentirse inmerso no escenario conducido a modo de seguimento de olladas e personaxes na película de Runa Islam. Imaxes paralelas de dous rapaces repetindo os mesmos movementos en cidades distintas proxectanse, como en espello, aínda sendo realidades totalmente distintas. Xeran suspense e inquedanza. Son escenas que expostas doutra maneira pasarían totalmente desapercibidas.

Olladas que poden disfrazar a personalidade pero tamén proxectar o reflexo interior onde habitan as certezas. Olladas abertas ós máis variados enredos ou olladas cara a outras disciplinas referidas ó cine de Neil Jordan, á pintura de Richter ou Vermeer. Calqueira cosa cabe pero a fin no observar e interrogarse a realidade nun principio que, como sinalou o filósofo, é inicio do carreiro para acadar o coñecemento.

CINE

Película de tempo de seda

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

AS HORAS

Director: Stephen Daldry

Intérpretes: Nicole Kidman, Merly Streep, Ed Harris, Julianne Moore

As horas é unha película plena, intensa, sutil, lograda, fermosísima. Redonda na súa estrutura, perfecta na concreción formal, desde o primeiro plano no que se nos abre un río de auga, espesa pero clara, imos seguido polo leito de tres vidas, en tres tempos e tres espazos, coa suavidade e o tempo de Stephen Daldry que, como anunciara en Billy Elliot, controla as escenas e os actores como un verdadeiro mestre.

Os méritos do filme son tan abundantes que non resulta doado optar polo máis sobresaliente. Porque se os actores aparecen sublimes (magnífica Nicole Kidman, fantástica Meryl Streep, excelente Ed Harris, a mellor Julianne Moore), a ambientación é perfecta; e se a música envolve o ritmo lento nunha harmonía serena, a intensidade dos sufrimentos e das tormentas internas proporcionan grosor ás historias tan distantes, tan distintas, tan idénticas, tan achegadas, tan unidas polo fio que as cose (*Mrs. Dalloway*) nun colar de auténticas perlas estendidas polo tempo dun río de augas que corren ata o remate pechado, o do comezo, nunha exhibición de planificación por parte do guionista David Hare. Con todo optarei por un mérito sobre todos: a dozura coa que se manexa o tempo. Un tempo de seda, delicadísimo, viaxando dun a outro cunha claridade dificilísima de conseguir, ilustrando cada salto coa sinxeleza dos verdadeiros creadores de cine: esa linguaxe visual capaz de trasladarnos dos anos vinte nas aforas de Londres ós anos cincuenta en California, só polo cambio dun rostro de muller que deita o seu tormento na almofada por outro que padece similar desasosego; esa capaz de encabalar emocións cunha porta que se abre en Inglaterra con outra que, na actualidade, tamén se abre en Nova York; a que é quen de enramar nun tecido de flores pensadas, escritas, mercadas, antes, agora, aquí e aló, un ramallo de historias de mulleres que viven, sofren, tratan de mirar á cara á vida e intentan atrapa-la felicidade, custe o que custe, aceptando as súas decisións.

Merece a pena ver este filme de tempo de seda, porque, aínda participando en que as vidas destas mulleres están cheas de fume negro, ó nos deixar ir nel saímos serenos de ledicia por tanta beleza.

A Caixa galega do século XXI

caixanova



SANTIAGO DE COMPOSTELA
CIDADE EUROPEA DA CULTURA DO ANO 2000